



(I)

Historia de Arión, o músico que salvou a vida coa axuda dun golfiño

O conto vén de vello, desde a antiga Grecia, e conta a historia dun afamado músico e poeta chamado Arión que se salvou de morrer afogado grazas a un oportuno golfiño. Arión, o que ademais de ser un excelente intérprete de cítara, foi o inventor do *ditirambo*, unha composición en verso destinada a gavar ao deus Dionisos.

Arión nacera en Metimna, viviu en Corinto ao servizo do rei Periandro, e en certa ocasión, cando viaxou por mar a Sicilia e a algúns lugares de Italia, sucedeu esta aventura.

Despois dun tempo percorrendo estas terras italianas conseguiu reunir unha considerable fortuna e decidiu regresar a Corinto. Fretou un barco en Tarento para facer a travesía ata Ténaro e confiou a seguridade do gañado a unha tripulación composta por homes corintios, os mariñeiros que entón tiñan sona de máis honestos.

Mais en alta mar, as cousas mudaron. Aqueles mariñeiros con sona de honrados volvéronse cobizosos, decidiron botar a Arión ao mar para quedar cos seus tesouros.

Arión ofreceulles todo o cargamento a cambio da súa vida, pero eles non só non aceptaron senón que lle deron a escoller entre dúas maneiras de morrer:

—Podes matarte ti a ti mesmo, e nese caso levaremos o teu cadáver ata terra para soterralo, ou podes —dixéronlle— tirarte ao mar!

Naquel apuro foi cando Arión pediu de favor que lle deixasen poñer os seus mellores vestidos e cantar unha canción no medio da cuberta da nave antes, prometeu, de poñer el mesmo fin á súa vida.



CON

Os mariñeiros aceptaron as súas condicións e reuníronse arredor do mellor músico da época para escoitalo. Arión, posto de pé no medio e medio da cuberta, orlado marabillosamente, acompañándose da cítara cantou unha canción titulada *Nomo orthio*. E ao acabar de cantar, tirouse ao mar.

Imaxínade a ledicia dos mariñeiros, que non sabían que Arión caera dacabalo dun golfinho e que este o conduciu san e salvo ata o porto de Ténaro.

Xa en Corinto contou Arión, vestido coa mesma roupa que vestía cando cantou a canción no barco, todo o que sucedera. Mais o rei Periandro non o creu, así que o retivo vixiado ata que chegaron os mariñeiros. Cando estes chegaron o rei preguntoulles por Arión, e cando eles mentiron dicindo que quedara en Tarento, en Italia, a salvo de perigos, foi o mesmo Arión o que se presentou diante de todos eles, vestido coas mesmas roupas coas que se tirara ao mar.

A sonda de honrados dos mariñeiros corintios remudou e en Ténaro fíxose unha estatua de bronce, non moi grande, representando a Arión dacabalo dun golfinho.



© Antonio Reigosa

Notas

Recreación feita a partir da versión de Heródoto (484-425 a. C.), en *Os nove libros da Historia*, libro I (Clío), XXIII-XXIV.